



INSTRUCCIÓN 4/2013, DA VICERREITORÍA DE TÍTULOS, CALIDADE E NOVAS TECNOLOXÍAS, SOBRE A EXENCIÓN DO PAGAMENTO POR RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS CONDUCENTES Á OBTENCIÓN DOUTRA TITULACIÓN OFICIAL DISTINTA Á CURSADA, APLICABLE AOS BENEFICIARIOS DA RESOLUCIÓN REITORAL DO 1 DE XULLO DE 1998, MODIFICADA POR RESOLUCIÓNS REITORAIS DO 22 DE XANEIRO DE 2009 E DO 5 DE XULLO DE 2011, POLA QUE SE REGULAN OS SUPOSTOS DE MATRÍCULA GRATUÍTA NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

O Decreto 119/2013, do 18 de xullo, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario para o curso 2013/14, no Sistema Universitario de Galicia, establece no apartado 3 do artigo 8 que no caso de créditos conducentes á obtención doutra titulación oficial distinta á cursada, o alumno deberá aboar á universidade que realice o recoñecemento, o 25 % dos prezos establecidos na tarifa primeira do seu anexo.

A Instrucción do 15 de marzo de 2010, da Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións da UDC, indica que os beneficiarios da Resolución Reitoral do 1/07/1998, gozarán exclusivamente da exención de pago dos prezos establecidos na Tarifa Primeira do Decreto da Xunta de Galicia que, en cada curso académico fixe os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario.

Habida conta de que a solicitude de recoñecemento de créditos que realizan os alumnos beneficiarios da Resolución Reitoral do 1/07/1998, se presenta xunto coa solicitude de matrícula ordinaria, de acordo co determinado pola Normativa de Xestión Académica da UDC e toda vez que o Decreto 119/2013, do 18 de xullo, non establece ningún prezo para o procedemento de recoñecemento de créditos nas súas Tarifas Segunda e Terceira, senón que dispón unha redución dos prezos públicos indicando que o alumno deberá aboar á universidade que realice o recoñecemento o 25% dos prezos establecidos na Tarifa Primeira,

DISPOÑO:

Que os alumnos que resulten beneficiarios da aplicación da Resolución Reitoral do 1/07/1998, pola que se regulan os supostos de matrícula gratuíta na UDC, estarán exentos do pagamento por obter o recoñecemento de créditos conducentes á obtención doutra titulación oficial distinta á cursada, da mesma forma que gozan de exención no pagamento dos prezos de matrícula establecidos na Tarifa Primeira do Decreto 119/2013, do 18 de xullo, desa titulación.

Esta exención resultará tamén de aplicación para os casos previstos no apartado 2 do artigo 8 do mencionado Decreto.

Esta Instrucción entrará en vigor no curso académico 2013-2014.

A Coruña, 22 de agosto de 2013

Julio E. Abalde Alonso

VICERREITOR DE TÍTULOS, CALIDADE E NOVAS TECNOLOXÍAS